

A nosa ref.: 6 – Educación

Asunto: información xeral inicio campamento "Xogando no Nadal 2024"

Queridos pais, nais ou titores: Por medio desta circular informámoslles de como se vai desenvolver o campamento de Xogando no Nadal 2024 organizado polo Concello de Cambre, amosando os seguintes datos de interese:

- **Lugar de realización:** CEIP Wenceslao Fdez. Flórez
- **IMPORTANTE: Punto de encontro entrada e saída:** Pola parte de diante do colexio, porta peoníl. **Os acompañantes non poderán entrar no edificio.**
- **Datas:** De luns a venres salvo sábados, domingos e festivos:

- 1ª quenda: do 23 ao 27 de decembro de 2023 (4 días).

- **Servizos:**

Realizaranse os seguintes servizos:

- Actividades: de 9:30 horas a 14:30 horas. A chegada dos/das participantes ao centro será ás 9:30 horas e a súa recollida poderá facerse entre as 14:30 e as 15:00 horas.
- **NON haberá servizos nin de mañanceiro, nin de almorzo, nin de comida, nin de transporte PORQUE NON SE RECIBIRON SOLICITUDES SUFICIENTES PARA POÑELOS EN MARCHA.**

- **Datos da coordinadora:**

Yasmina	655026729
---------	-----------

- **É importante que os pais/nais ou titores respecten o horario de chegada e de recollida dos/das participantes no centro escolar segundo a modalidade elixida. Fóra deste horario a porta de entrada ao centro escolar permanecerá pechada, polo que deberán chamar por teléfono ao coordinador das actividades para que lles abra.**

- **¿Que necesitan para eses días?**

- **Unha muda completa**, sobre todo os máis pequenos (3 anos), que deberán deixala no centro.
- **Roupa e calzado deportivo.** Gorra e chubasqueiro, segundo faga sol ou chuvia. É aconsellable que a roupa estea marcada co seu nome para evitar que o perdan (sobre todo os participantes máis pequenos).
- Os/as participantes poderán **levar merenda para tomala a media mañá e un botellín de auga co seu nome.**



- **Outras normas:**

- Durante todo o campamento, os pais, nais ou titores deberán ter o teléfono operativo.
- Non está permitido que os/as participantes leven aparellos electrónicos nin xoguetes ao campamento, en tal caso se lles retirará e se entregará ao seu pai/ nai ou titor/a na recollida ou ao remate do mesmo.

Calquera comunicación que precisen poderán facela a través da coordinadora do campamento ou ben por escrito ao concello de Cambre (educacion@cambre.org) ou chamando ao departamento de Educación ao nº de teléfono 981 613 291.

CALQUERA DÚBIDA OU ACLARACIÓN PODEN CHAMAR AO CONCELLO DE CAMBRE
(EDUCACIÓN)TF.: 981 613 291 OU NO CORREO ELECTRÓNICO: educacion@cambre.org.